

A CORUÑA NO MUNDO

BOLSAS DE ESTUDOS JUNIOR YEAR

2019/2020

1.º DE BACHARELATO
EN EE. UU.

NÚMERO DE BOLSAS
60 PRAZAS

REUNIÓN INFORMATIVA
Mércores 28 de novembro ás 19.00 h
Salón de actos do CCM MALLOS

PRAZO DE SOLICITUDE
Do 29 de novembro ao 14 de decembro
ás 14.00 h



BOLSAS DE ESTUDOS JUNIOR YEAR

O programa educativo "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS DE ESTUDOS JUNIOR YEAR 2019/2020" ofrece a oportunidade ao alumnado residente na cidade da Coruña de cursar o Grao 11 en EE. UU. —equivalente a 1.º de bacharelato—, así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

TIPO DE BOLSAS

Bolsa total. Serán beneficiarias de bolsa total as persoas seleccionadas que non superen os 9000,00 € anuais de renda per cápita.

Bolsa parcial. Serán beneficiarios/as dunha bolsa parcial as persoas seleccionadas que superen os 9000,00 € anuais de renda per cápita. As familias das persoas beneficiarias desta bolsa terán que facer unha achega variable en función da súa renda.

REQUISITOS

- Constar **empadroadado/a no Concello da Coruña e residir na cidade** xunto co seu pai e/ou súa nai ou representante legal, **dende o 1 de setembro de 2018.**
- Estar **matriculado/a e cursando 4.º da ESO.**
- Obter en **3.º da ESO unha cualificación media de 6,5 puntos** ou máis e non ter ningunha materia suspensa.
- Obter en **3.º da ESO unha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés).**

IMPORTANTE: a concesión definitiva da bolsa está condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos polas Autoridades Federais Norteamericanas para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.

INSCRIPCIÓN

- As persoas interesadas en participar no programa deberán **inscribirse en liña na web www.coruna.gal/educacion a través da ficha específica "JUNIOR Year 2019-20"**.

Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante de confirmación que envía ao correo electrónico facilitado ao facer a solicitude. Este papel haino que **imprimir, asinar e presentar, xunto co resto de documentación, nos rexistros municipais. O xustificante ten un número de asignación que será o de referencia de cada expediente no proceso.**

- **O prazo de apertura da ficha e de presentación da documentación é do 29 de novembro ao 14 de decembro de 2018 ás 14:00 h.** A comisión poderá acordar a ampliación do prazo para a presentación de solicitudes antes de que este finalice.

A presentación das solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria.

Este documento ten carácter meramente informativo. **As bases do programa poden consultarse na web www.coruna.gal/educacion**

MÁIS INFORMACIÓN

Servizo Municipal de Educación
Avenida da Marina 18, 3.º
15001 A Coruña
Tel. 981 18 42 00
educacion@coruna.es

